



ACTA DE ACORDO DA MESA SECTORIAL, DE RATIFICACIÓN DO ACORDO ASINADO O 24 DE NOVIEMBRE CO COMITÉ DE FOLGA (ATENCIÓN PRIMARIA).

Pola Administración

Natalia Lobato Mosquera. Secretaria Xeral Técnica
José Ramón Parada Jorgal. Xerente do Servizo Galego de Saúde
María del Mar Pousa Cobas. Directora xeral de Recursos Humanos
M^a Begoña Caamaño del Castillo. Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais
Nieves Fiel Paz. Subdirectora xeral de Desenvolvemento Profesional e Sistemas de Información
Daniel Potel Villar. Subdirector xeral de Selección de Persoal
María Begoña Caamaño del Castillo. Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais
Julio César Piñeiro Sabarís. Xefe do Servizo de Recursos e Reclamacións
Javier García Caeiro. Xefe do Servizo de Planificación Normativa

Polas organizacións sindicais (OOS):

Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)
Lucía Peón Soutiño (CIG)
Manuel González Moreira (CIG)
Xosé Francisco Xabier Alvedro Álvarez (CIG)
Irene Tato Mosquera (CIG)
Carlos Castro Rivas (CSIF)
María Teresa Macías Alonso (CSIF)
Carolina Moldes Castiñeira (CSIF)
Manuel González Vázquez (CSIF)
Enrique Marra López (CSIF)
María Luz Fernández Tuñas (CCOO)
Carlos Díaz López (CCOO)
Ana Riveiro Currais (CCOO)
Manoly Martínez Pérez (CCOO)
Víctor Iglesias Vigo (UGT)
Rafael Vázquez García (UGT)
María Cristina Teijeiro Marcos (UGT)
Ángeles Cuiña Caneda (UGT)

Nas dependencias da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, en Santiago de Compostela, ten lugar ás 10.30 horas do día **5 de decembro de 2025** unha sesión da Mesa Sectorial, cos asistentes relacionados á marxe e en cuxa orde do día figura o seguinte punto:

"Ratificación do acordo asinado o 24 de novembro co comité de folga (atención primaria)".

As organizacións sindicais CIG-Saúde, CSIF, CCOO e UGT, con data 7 de novembro de 2025, convocaron unha folga no ámbito da Atención Primaria que se desenvolvería o día 26 de novembro.

Tras diversas reunións celebradas no mes de novembro (días 11, 12 e 13 individualmente coas organizacións sindicais convocantes das folgas, e co comité de folga os días 14, 17, 21 e 24), a Administración e o comité de folga (coa sinatura de CSIF, CCOO e UGT) asinaron nesa data do 24 de novembro o acordo que figura como Anexo.


De conformidade co previsto no artigo 38 da Lei do Estatuto básico do empregado público (texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro), o artigo 154 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e os artigos 79 e 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, **a Mesa Sectorial acorda:**

1.- Ratificar como Acordo da Mesa Sectorial o antedito acordo do 24 de novembro que figura como Anexo a esta acta.

2.- No relativo á xornada ordinaria de 35 horas semanais, complétase o dito acordo no seguinte sentido:

a) Ámbito de aplicación: Ademais de a todo o persoal incluído no ámbito de aplicación do Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria -agás aquel ao que se lle aplique o réxime de xornada anual do Acordo de Concertación Social do ano 2001 (DOG 19 de marzo)-, a xornada ordinaria de 35 horas semanais será tamén aplicable, no ámbito hospitalario, ao persoal da categoría de persoal facultativo especialista (FEA) e outras similares en canto á súa xornada ordinaria (como o persoal das categorías de médico/a de admisión e documentación clínica e médico/a de hospitalización a domicilio - HADO).


b) Compensación das festividades que coincidan en sábado: Para os efectos de que tamén sexan aplicables ao dito persoal estatutario con xornada ordinaria de 35 horas semanais, a Dirección Xeral de Recursos Humanos trasladará ás xerencias das áreas sanitarias as indicacións que dite a final de cada ano a Xunta de Galicia respecto ao número de días libres que procede conceder no ano seguinte, na Administración Xeral, para compensar as festividades que coincidan en sábado. Estes días libres solicitaranse en cada centro consonte o procedemento establecido para os días de libre disposición.



3.- A Administración comunicará este Acordo da Mesa Sectorial aos órganos de dirección das entidades adscritas que contan con persoal estatutario, coa finalidade de que identifiquen os colectivos cuxo réxime de xornada e retributivo poida ser igual ou semellante aos da atención primaria, concreten as melloras que lles resultarían de aplicación e promovan a aplicación efectiva desas melloras, previos os trámites que lles resulten preceptivos e con negociación cos seus órganos específicos de representación do persoal estatutario.

Tras este Acordo da Mesa Sectorial, a Administración iniciará as actuacións precisas para a efectiva aplicación do acordado, previos os informes e autorizacións que resulten preceptivos.

Pola Administración



Polas organizacións sindicais

CIG



CSIF



CC00



CC00

UGT

